

## ARTE

## Desexos non satisfeitos na obra de Pulido

Descubindo a súa maneira de aplica-la cor, Van Gogh aconselláballes ós seus discípulos empezar polas cores da súa paleta antes que polas da natureza. O consello foi recollido por diversos creadores de estilo (expressionistas e fauvistas entre outros) e dota a pintura do ourensán Antón Pulido de grande expresividade.

Un total de 24 obras, que expón ata xaneiro vindeiro na Casa da Parra, de Santiago, datadas entre 1990 ata a actualidade, permiten apreciar a evolución formal seguida polo que ocupou varios anos a Dirección Xeral de Cultura e dirixiu unha institución tan importante como é o CGAC compostelán.


Case nada queda do realizado arredor dos anos 80, aquelas escenas serenas e apracibles propicias a certas intimidades discretas como o baño que recollían o espírito de Bonnard. Esta exposición, que avanza unha década, carga o ton expresivo na aflicción e o silencio agudo.

Son recorrentes nos lenzos de Antón Pulido unha serie de lugares tan íntimos como un dormitorio ou unha sala de estar.

En *Lúa*, unha figura arrecunchase no bordo do sofá nunha pose aflixida, solitaria e temerosa. É unha secuencia común dalgún momento da existencia humana na que tendemos a pecharnos en nós mesmos, presos das nosas limitacións e angustias.

Nun comportamento que se sabe non observado por ninguén, neste estado o espectador pasa a ser un voyeur. O estreito escenario, interrompido no seu desenvolvemento polo bordo do cadro, acentúa a soidade do cuarto que ó estar decorado con poucos elementos reflicte o baleiro da existencia humana. O detalle de abrir unha xanela nun plano superior alenta a posibilidade dunha esperanza, metáfora da vida mesma, e dun cambio psicolóxico. Non está todo perdido. Se se pecha unha porta, ábrese unha ventá, tan como a sentención bíblica.

Este estereotipo icónico vólvese repetir en *Sonho II*. Nesta ocasión, no leito conxugal, dúas figuras enteiramente vermellas e nuas son coadjuvantes ó acto sexual. Sen embargo, esa paixón representada polo vermello semella máis un lume en extinción xa que a figura feminina lle dá as costas ó outro sexo nunha actitude de rexeitamento, segregándose del. A po-



'Abismo', obra de Antón Pulido de 1990 que se expón na Casa da Parra de Santiago

se da muller indica unha separación, unha barreira para o encontro amoroso. Este tema da fin dunha relación xa foi amplamente tratado polo expressionismo norteamericano.

*Abismo* é estarrecedor. Un home chegou ata o final do malecón. Instalado no límite do porto mira fixamente ó mar, non sabendo a onde dirixi-los seus pasos, qué rumbo tomar. Non atraído por meta ningunha sorpréndelle o seu destino na vacilación. É outro aspecto do desenvolvemento vital do ser humano, que permanece na eterna dúbida hamletiana.

*Durmindo nas ondas*, é máis esperanzador. Unha fêmea, ou ninfa das augas, téndese sobre as ondas, actitude de profundo soño, á luz da lúa, coa insondabilidade da noite por escenario. Unha forza natural afín, a lúa está indisolublemente asociada ó feminino. É o toque romántico e con claror ton masculino do pintor ourensán. Como na súa *Nu azul*, esta cor viste a totalidade da imaxe insinuando un estado de ánimo particular que xorde do interior da alma.

Antón Pulido fai uso de imaxes que meditan sobre a sorte da nosa estirpe ante un tempo fugaz. Ás veces a multitude cura o fastío da soidade, entón permítese certos xogos. *Kermesse*, tema moi frecuente na historia da pintura, inclúe o maior número de personaxes que xiran seguindo a ruta circu-

lar do universo. Pero é un círculo pechado, repregáanse ó seu interior sen ningún tipo de apertura de forzas. Toda a maxia da esfera impregna o cadro demarcando un territorio reservado.

Ante semellante mostra podemos falar dunha pintura case de suspense onde o observador non sabe cal será o paso inmediato que tomará a figuración. Da pintura de Pulido xermolan escenas cargadas dunha cor que é a expresividade tal como a entenderon os compoñentes do movemento Die Brücke. O pincel do artista apunta á expresividade colorística antes que á cor descritiva.

Como percibía Benesch analizando obra de Schiele, parece que aquí tamén Antón Pulido se serve dunha escaleira desde a cal actúa o artista amoreando baixo este ángulo a escena a un maior confinamento do que é difícil saír, tendo en conta que moitas veces unha enorme sombra negra paira sobre as costas dos personaxes.

Aristóteles sentenciou que só unha alma excitada (neste caso a de Antón Pulido) podía facer algo grande por riba do habitual e dos demais. Na exposición da Casa da Parra percíbese unha pintura que vai máis alá do que estamos acostumados a ver polas nosas latitudes.

Fátima Otero

## CINE

## Frustrante

Gury Fleder dirixe 'Ni una palabra'. E non a dirixe mal. Michael Douglas, Lori Villanueva, Famke Janssen e Sean Bean son os principais actores. E tampouco actúan mal. Pero a película acabou cabreándome. ¿Por que? Pois porque un xa está farto de ver sempre exactamente o mesmo. Molde coñecido: alta profesionalidade técnica, doses de entretemento, acción, intriga, pelexa, ritmo trepidante para enganchar, algún toque de psicología de todo a cen, alto orzamento publicitario e aí vai, a facer cartos. Así se move a industria.

Esta película non ofrece absolutamente nada que non se saiba. Todo está cantado ós poucos minutos de proxección. O asunto poderíamos resumilo así: un psiquiatra moi listo moi listo, especialista en adolescentes, que traballa nunha privada moi elegante e nunha clínica pública arrepiante, casado cunha muller moi guapa moi guapa, cunha perna rota, e vive nunha casa moi bonita moi bonita, e ten, ¡como non!, unha filla pequena moi lista moi lista e moi educadísima, recibe o día de Acción de Gracias (o día do pavo, xa saben) unha sorpresa máiuscula: a súa filliña da alma desapareceu non se sabe por que.

¿Onde vai? Uns homes moi malos moi malos, instalados case na súa vivenda tan preciosa, provistos dunha tecnoloxía que te cagas (con perdón, pero como o prota é especialista en adolescentes...) para vixialo a el e máis á súa muller coxa día e noite, reteñen á súa adorada princesiña para chantaxealo. ¿Que pretenden estes homes tan malos?

Que el, psiquiatra eminente, no tempo de horas mínimas penetre no avariado caltre dunha adolescente que leva dez anos vagando polos hospitais psiquiátricos máis noxentos da grande USA.

¿Que garda na cabeceira esa atormentada adolescente? Un número, un número que fará felices os homes moi malos moi malos. E por aí vai a función.

Xa continúan vostedes, ¿e non? Ó remate, o de sempre: o psiquiatra mostra unhas calidades como loitador insospeitadas, unha policía boa e intrépida aparece nos momentos cruciais e despois dalgunha bala perdida, paos, labazadas e golpes de efecto todo volve ó seu lugar de onde nunca debería ter saído. A luces dos coches da policía alumean intermitentemente ó lonxe.

Un engano con bonito engado. Estas películas semellan a eses alumnos brillantes, listos coma a fame, que poderían aprender o que quixesen, pero que se conforman cun aprobado raspado só polo que oen ou aínda en base a copiar. Pois iso: un estrago de medios, calidades e técnicos. Porque saber saben como se tece unha historia en imaxes, o que non queren é arriscarse, porque así, medidas as doses xa experimentadas, o éxito doado está calculado. Eu non son quen para llelo privar.

Miguel Suárez Abel

A Caixa galega do século XXI

caixanova

